



### AUTORIZACIÓN DE MENORES

#### Datos do menor asistente ao evento:

\*Nome e apelidos \_\_\_\_\_  
\*NIF \_\_\_\_\_ Data de nacemento \_\_\_\_\_  
\*Provincia / Cidade \_\_\_\_\_  
\*Teléfono \_\_\_\_\_ Email \_\_\_\_\_

#### Manifesta que é o pai / nai / titor ou titora do menor que autoriza:

\*Nome e apelidos \_\_\_\_\_  
\*NIF \_\_\_\_\_ Data de nacemento \_\_\_\_\_  
\*Provincia / Cidade \_\_\_\_\_

\*campos obrigatorios

En cumprimento da Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informamos de que os datos facilitados no formulario formarán parte dunha base de datos propiedade da entidade titular do evento Revenidas SC e o seu uso será unicamente a xestión do evento e o control do acceso.

Mediante a firma do presente formulario, o proxenitor/a ou titor/a autoriza a Revenidas SC a:

- Que os datos dos asistentes sexan comunicados a outras sociedades relacionadas coa xestión do festival.
- Que os datos e imaxes dos asistentes ao evento poidan ser publicados e/ou compartidos:
- Na web de [www.revenidas.com](http://www.revenidas.com)
- Nas redes sociais (Youtube, twitter, Facebook...) de Revenidas.
- En medios de comunicación

A persoa usuaria pode exercer os seus dereitos ARCO (acceso, rectificación, cancelación e oposición) en relación cos seus datos persoais dirixíndose por escrito e achegando copia do DNI a través do correo electrónico [info@revenidas.com](mailto:info@revenidas.com)



A través do actual documento, expreso o meu consentimento como proxenitor/a ou titor/a e acepto a miña responsabilidade de que o menor anteriormente citado acceda ao recinto de concertos Revenidas, na miña compañía (no caso de que o menor teña menos de 16 anos) ou sen ela (no caso de que o menor teña entre 16 e 17 anos).

Declaro que coñezo as condicións de compra e venda das entradas expostas aos menores de idade e acéptoas sen restricións.

Acepto que se a organización non localiza a miña persoa xunto ao menor se este ten menos de 16 anos no interior do recinto, debe procederse á expulsión inmediata quedando exonerada a responsabilidade do promotor na custodia do menor. Así mesmo, proclámome como único responsable da súa protección e custodia e comprométome a velar pola súa seguridade e benestar durante a celebración do evento.

Acepto a responsabilidade de impedir o consumo por parte do menor de substancias como alcol, tabaco ou estupefacientes; e de evitar calquera situación de risco ou perigo para o menor, ou que el mesmo poida ocasionar. Eximo de calquera tipo de responsabilidade á empresa organizadora do evento polos danos ou prexuízos que o menor puidese padecer ou provocar, ademais de proclamarme responsable único das damnificacións mencionadas.

Declaro que se me informou da política de protección de datos e acepto o tratamento dos meus datos e os do menor ao meu cargo.

Por último, consinto firmemente que a entidade non devolva o importe abonado ao menor ou se denegue a súa entrada ao recinto, en caso de incumprir algunha das condicións ou de non achegar a documentación correcta e necesaria.

En....., a..... de.....de 20.....

Asdo. \_\_\_\_\_